



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO LIBRO E A LECTURA NO ANO 2021**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura e referido ao convenio que se pretende formalizar entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG),

**DECLARA:**

Que ten como **vixencia** dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021

Que ten o seguinte **obxecto**:

A colaboración nos gastos de funcionamento da entidade e na realización de diversas actividades culturais de promoción do libro e a lectura durante o ano 2021.

Actuacións:

1. -Gravación dunha entrevista de longa duración á informante de literatura de tradición oral Teresa dos Cucos para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG, que será nomeada "Mestra da Memoria da AELG 2021". Inclúe edición de vídeo, catalogación, transcripción dos contidos e subida á web.

2. -Mantemento e desenvolvemento informático da sección "Palabras con Memoria" da web da AELG. Inclúe preparación de lotes de publicación en xornal dixital.

"Palabras con memoria" é unha iniciativa cuxo obxectivo é recuperar palabras en desuso, ou sexa, en perigo de extinción. E tamén palabras e expresións que non recollen os dicionarios. A iniciativa conta cunha unidade didáctica pensada para alumnado de 3º e 4º da ESO e Bacharelato, orientada fundamentalmente cara ao estudo do léxico e, tamén, cara á compilación de unidades vocabulares.

3. -Organización de obradoiros de creación literaria

A Escola de Escritoras/es da AELG [<http://www.aelg.gal/GoToWritersSchool.do>] é unha iniciativa desta entidade que centra os seus esforzos en impartir obradoiros con formatos e destinatarios diversos, nos que se abordan diferentes xéneros literarios e contidos e nos que se aposta pola creación, pero tamén pola promoción da lectura como elemento necesario para o feito creador.

Trátase dunha iniciativa que, cos autores/as como guías, ten o obxectivo de transmitir a experiencia apaixonante do acto creador, tentando concienciar á sociedade do imprescindible que é a estimulación creativa na escrita e o seu papel complementario na formación do individuo.

3. a) Desenvólvese durante 10 semanas a razón dunha sesión semanal de dúas horas, para un total de 20 horas lectivas, o que permite a conformación dun grupo de traballo estábel e de apoio mutuo, á vez que se reforza o seu vínculo. Así mesmo, o/a autor/a que imparte o obradoiro conta co tempo necesario para coñecer as inquiredanzas creativas de cada persoa asistente e adaptar así os contidos a cada unha delas.



3. b) Organización dun obradoiro no ámbito educativo en colaboración coa organización do Certame de Relato Curto que permitirá que os autores e autoras dos mellores textos de cada categoría dispoñan dunha titoría desenvolvida por un autor/a recoñecido/a no que se reflexiona sobre as súas producións para tratar de melloralas.

4.-Tres sesións de gravación de entrevistas e fotografías a socios/as e subida á web dos contidos obtidos

Esta entidade conta cunha plataforma exclusiva para a difusión da obra dos autores/as, o Centro de Documentación, <http://www.aelg.gal/Centrodoc/MainPage.do> que permite ofrecer contidos relacionados coa traxectoria literaria dos Socios e Socias da AELG; estes contidos inclúen documentación dixitalizada, biografía, bibliografía, webs persoais, materiais didácticos, fototeca e videoteca, tanto de lectura de obras propias ou doutros autores-as, como de entrevistas persoais aos nosos escritores-as. Este Centro de Documentación actualízase permanentemente.

5.- Homenaxe “O Escritor/a na súa Terra – Letra E” Concha Blanco.

A homenaxe “Escritor na súa Terra”, pretender honrar escritores e escritoras cunha dilatada carreira literaria, dándolle un protagonismo especial a personalidades relevantes da literatura galega entre a súa propia veciñanza. Preténdese realizar así mesmo, un estudo divulgativo da obra do autor/a que serva para contextualizar, difundir e poñer en valor a súa inmensa obra literaria. A concesión desta distinción implica o nomeamento como Socio/a de Honra da Asociación que se sinala coa entrega da escultura “letra E”. Este 2021 entregaráse, por encomenda da Asemblea de Socios/as da AELG, a Concha Blanco, en Cee, en xuño.

Que se basea na seguinte **fundamentación xurídica**:

-De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a AELG é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión do libro e da lectura. Polo tanto, a AELG posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

-Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo exposto, e co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

